



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 5 de marzo de 2015  
**Hora de comezo:** 13.45 h  
**Hora de remate:** 14.25 h

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Anulación de recibo do lixo**
- 3. Aprobación convenio de colaboración concello de Boqueixón e Fundación Amigos de Galicia**
- 4. Aprobación das contas de explotación dos servizos de abastecemento e saneamento correspondente os anos 2013 e 2014**
- 5. Aprobación bases e convocatoria do II certame de relatos Xosé Neira Vilas**
- 6. Licenzas urbanísticas**
- 7. Aprobación de facturas**
- 8. Apertura sobres de referencias técnicas das ofertas presentadas no servizo do programa de prevención da dependencia**
- 9. Aprobación das axudas de custo dos concelleiros, dos meses de abril a decembro do 2014**
- 10. Solicitud subvención contratación socorrista 2015**
- 11. Altas no inventario de bens do concello de Boqueixón**
- 12. Rexeitamento alegación presentada por dona Eva xxxxx**
- 13. Rogos e preguntas**

## **DELIBERACIONES**

### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de febreiro do 2015.

### **2.Anulación de recibo do lixo**

Con data 2 de marzo a Deputación da Coruña, envía unha proposta de baixa dun recibo do lixo que se emitía a nome de Bray Inversiones y Alimentación,SA da anualidade do ano 2012.

No pasado ano, con data 6 de xuño, foi modificado o suxeito pasivo deste recibo e púxose a nome de Gestal Gestión Inmobiliaria, SL por execución hipotecaria. Naquel momento, o novo suxeito pasivo dixo que se faría cargo do recibo do ano 2012 que estaba pendente de pagamento, pero segundo os datos de Deputación non foi así.

Polo tanto, é preciso que se aprobe a anulación deste recibo ó non ser factible o seu pagamento polo novo suxeito pasivo e ó non poder proceder coa vía executiva ante o anterior suxeito, que é o obrigado.

Por todo o dito a Xunta de Goberno acorda:

- Anular o recibo do lixo do ano 2012 a nome de Bray Inversiones y Alimentación,SA con núm. fixo 253000617577 por non ser posible o seu cobro.
- Enviar este acordo ó Servizo de Recadación da Deputación para os efectos oportunos.

### **3.Aprobación convenio de colaboración concello de Boqueixón e Fundación Amigos de Galicia**

O día 27 de febreiro, a Fundación Amigos de Galicia envía un modelo de convenio para que sexa asinado polo sr. alcalde desta entidade.

Mediante este convenio, lévase a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas.

Polo tanto, e para que se leven a cabo as correspondentes actividades obxecto da súa sinatura a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Aprobar o convenio asinado coa Fundación Amigos de Galicia que a continuación se transcribe literalmente:

En Boqueixón, a 18 de febreiro de 2015

**REUNIDOS:**

Dunha parte, D. Jesús Sanjuás Mera, actuando no seu nome e representación do Concello de Boqueixón, e sendo o C.I.F. do Concello, P-1501200-H.

Doutra parte, D. Jesús Busto Peteiro con D.N.I. xxxxx, como representante autorizado da Fundación Amigos de Galicia, sendo o C.I.F. da Fundación xxxxx.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

### **EXPOÑEN;**

**Primeiro:** A Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.

**Segundo:** A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concurrencia ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade/persoas, ou que sendo realizada por varias, concédense a tódolos solicitantes.

**Terceiro:** Acredítase o interese público, social, económico ou humanitario da subvención.

**Cuarto:** O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da lei 38/2003 que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, e a Comunidade Autónoma.

### **CLAÚSULAS:**

- I. A presente subvención ten por obxecto o desenvolvemento do “*Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social*” no cal se leva a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas, sendo de interese público, social e/ou humanitario.
- II. As principais beneficiarias das axudas expostas neste convenio son persoas pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade social, entre os que se encontran *mulleres vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais, parados de longa duración e menores en situación ou risco de exclusión social.*
- III. A actividade a subvencionar é a distribución dos produtos, e os custos que acarrea, para as persoas necesitadas do Concello de, concedéndose a cantidade de 2.000€, con cargo a partida 313.210.00. O órgano competente para a concesión e aprobación do gasto é o Alcalde ou a X.G.L. por delegación.
- IV. O beneficiario comprométese a destinar a devandita subvención á realización da actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.
- V. O pagamento da subvención será nun único pago; efectiva previa presentación dunha pequena memoria especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas e os seus xustificantes dos pagos), por importe igual ou superior á cantidade concedida.

O prazo para a xustificación será de tres meses dende a celebración da actividade, ou en caso de subvencionarse varias actividades, dende a última celebrada. No caso de que a subvención sexa por importe superior a 600,00€, o beneficiario deberá presentar orixinais ou fotocopias compulsadas dos certificados de encontrarse ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social.

VI O beneficiario queda obrigado a reflexar, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia de colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables da Área de Comunicación. Asemade, o concello fará constar na súa publicidade a colaboración da Fundación Amigos de Galicia.

VII. Este convenio estará vixente ata o 31/12/2015.

Nestes términos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervincentes se afirman e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.

Asdo. D. Jesús Sanjuás Mera  
Alcalde de Boqueixón

Asdo. D. Jesús Busto Peteiro  
Dr. Xeral Fundación Amigos de Galicia

2. Comunicar este acordo á Fundación Amigos de Galicia

#### **4.Aprobación das contas de explotación dos servizos de abastecemento e saneamento correspondente os anos 2013 e 2014**

##### **Ano 2013**

O día 26 de maio do ano 2014 a empresa Espina y Delfin, SL presenta no rexistro deste concello a documentación correspondente os gastos e ingresos orixinados pola xestión dos servizos de sumidoiros e do abastecemento de auga, no ano 2013.

Preséntanse os datos dos dous servizos en conxunto e despois de facer un estudo da documentación presentada e das cifras reflectidas, fanse as seguintes consideracións:

No apartado dos ingresos, téñense en conta os importes de facturación trimestral das tarifas e das cotas de mantemento sin os IVE correspondentes. No servizo de abastecemento teríamos ingresos por importe de 141.981,17 euros e no de saneamento a cantidade sería de 114.090,64 euros.

A este resultado réstaselle o importe dos recibos modificados e non facturados. Tamén se ten en conta a subvención ingresada polo concello no pasado ano por importe de 3.240,79 euros. A suma de todos estes conceptos dá un importe de 257.859,19 euros.

No apartado dos gastos, inclúense varios sumatorios por distintos conceptos que cumpre aclarar:

No apartado de subcontratas- medios de apoio, inclúense os medios de apoio e os traballos realizados por outras empresas.

No apartado de outros gastos de xestión corrente, inclúense os gastos xerais e beneficio industrial (10%) e outros gastos.

No apartado de servizos exteriores, que é a suma de tódolos gastos operativos, exclúese o concepto de propaganda e publicidade por un importe de 200.00 euros, polo que a cifra resultante é distinta da presentada no balance da empresa.

A continuación desagreganse os gastos por conceptos, quedando a conta de explotación do seguinte xeito:

### Conta de explotación exercicio 2013

#### *A Operacións continuadas*

<b>1. Importe neto da cifra de negocios</b>	<b>257.859,19</b>
a) Ingresos auga e saneamento	254.618,40
b) Ingresos subvención servizo	3.240,79
<b>2. Aprovisionamentos</b>	<b>-69.914,54</b>
a) Compra de materiais	-24.160,26
b) Enerxía eléctrica	-25.905,17
c) Reactivos	-1.516,70
d) Combustible - vehículos	-2.694,78
e) Subcontratas - Medios de apoio	-15.637,63
<b>3. Gastos de Persoal</b>	<b>-95.316,02</b>
a) Salarios e cargas sociais	-95.316,02
<b>4. Outros gastos de explotación</b>	<b>-33.326,57</b>
a) Servizos exteriores	-12.013,55
b) Tributos	-209,98
c) Pérdidas, deterioro e variación - incobrados	-3.000,00
d) Outros gastos de xestión corrente	-18.103,04
<b>5. Amortización do inmovilizado</b>	<b>-15.587,88</b>
a) Amortización inversión medios materiais	-3.731,82
b) Amortización concesión - prórrogas	-11.856,06
<b>A.1) Resultado Explotación</b> <i>(Ingresos – gastos)</i> <i>( 257.859,19 €– 214.145,01 €)</i>	<b>43.714,18</b>
6. Ingresos financeiros	
<b>7. Gastos financeiros</b>	<b>-50.108,68</b>
a) Canones concesión	-49.980,74
b) Outros gastos financeiros	-127,94

A.2) *Resultado financeiro* -50.108,68

A.3) *Resultado antes de impostos* -6.394,50

8. Impostos sobre beneficios

A.4) *Resultado do exercicio* -6.394,50

O resumo desta conta daríanos os seguintes datos:

Ingresos dos servizos : 257.859,19 euros

Gastos : 264.253,69 euros

Déficit: 6394,50 euros

Á vista destes datos a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a conta de explotación dos servizos de sumidoiros e abastecemento de auga que xestiona a empresa Espina y Delfin, SL correspondente ó ano 2013.

#### **Ano 2014**

#### **Conta de explotación**

O día 3 de febreiro de 2015, con núm. 15/193, a empresa Espina y Delfin, SL, presenta a conta de explotación correspondente ó ano 2.014, cos datos que a continuación se presentan:

	<b>Abastecemento</b>	<b>Saneamento</b>	<b>Total E. y D.</b>
Núm. de usuarios	1.036	1.349	
M <sup>3</sup> facturados	167.290	82.477	
Importe facturación	140.128,70	113.930,72	<b>254.059,42</b>
Impagados a 30/12/2014	7.676,27	12.208,02	<b>19.884,29</b>
Canon al Ayuntamiento	25.804,98	20.980,17	<b>46.785,15</b>
Canon Ley de Augas	33.730,71		
Remuneración de E.y D.			<b>187.389,98</b>

Advírtese que a cifra correspondente ós impagados, é restada do importe total de ingresos. Débese ter en conta que ó ser cantidades que se poidan cobrar en exercicios posteriores, estes ingresos reflectiranse nas liquidacións correspondentes do ano 2015.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a conta de explotación dos servizos de sumidoiros e abastecemento de auga que xestiona a empresa Espina y Delfin, SL correspondente ó ano 2014.

## 5. Aprobación bases e convocatoria do II certame de relatos Xosé Neira Vilas

O Departamento de Educación e Cultura e a Biblioteca Municipal de Boqueixón, dentro da programación conxunta que realizan, e logo de valorar a importante acollida do I Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas”, consideran de interés a súa continuidade coa convocatoria do II Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas”, co obxectivo de potenciar a lectura e a creatividade literaria e fomentar valores como a liberdade, o respecto e a tolerancia, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar as bases deste Certame que serán as seguintes:

### QUEN PODE PARTICIPAR?

Rapaces e rapazas de Primaria (dende 3º) e de Secundaria de Boqueixón ou de centros educativos do concello.

A participación neste certame supón a aceptación das presentes bases.

### QUE CATEGORÍAS SE ESTABLECEN?

**1ª categoría:** 3º e 4º de Primaria

**2ª categoría:** 5º e 6º Primaria

**3ª categoría:** Secundaria

### COMO TEÑO QUE ESCRIBIR O RELATO?

**Tema:** Libre

**Formato:** Os traballos serán propios e inéditos, escritos a ordenador ou á man, con letra lexible. O texto será en galego e debe conter unha historia orixinal, real ou ficticia, podendo incluír ilustracións.

**Extensión:** mínima de 20 liñas para os de 1ª e 2ª categoría e de 30 liñas para os de 3ª categoría.

### CANDO, COMO E ONDE DEBEN PRESENTARSE?

A admisión dos traballos rematará o **día 30 de abril de 2015**. Os traballos entregaranse no concello (dpto. de educación ou biblioteca) ou no centro educativo.

Co fin de garantir o anonimato, cada traballo irá identificado co número que cada alumno/a ten na clase así como o curso ao que pertence (non poñer nome e apelidos), ou ben acompañado dun sobre pechado e grampado ao traballo no que figurarán os datos do autor/-a (nome e apelidos, idade, curso e teléfono).

### QUEN VALORARÁ OS CONTOS?

O xurado do concurso estará composto por un representante do centro escolar, unha persoa do Dpto. de Educación e a bibliotecaria do concello.

Se nalguna categoría non se considerasen os traballos presentados coa suficiente calidade, o xurado poderá considerar o/os premio/-s deserto/-os.

### QUE PREMIOS HAI?

Por cada categoría estableceranse os seguintes premios:

**1º premio:** diploma + vale 50 € + lote libros

**2º premio:** diploma + lote libros

**3º premio:** diploma + libro

A entrega de premios realizarase no Festival das Letras que terá lugar na Casa da Cultura de Camporrapado o día **15 de maio**, sendo obrigatoria a presenza d@s gañador@s.

O concello reservase todos os dereitos para o emprego, reprodución e difusión dos relatos participantes. Os textos gañadores publicaranse en formato libro recopilatorio e na páxina web do concello ([www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)) facendo mención á súa autoría.

2.- Dispoñer o concello dos fondos necesarios para facer fronte ao custo dos premios

3.- Dar difusión destas bases no CPI de O Forte para promover a participación do alumnado.

## 6.Licenzas urbanísticas

A)“Licenza de 1ª ocupación”. Expediente: 15/55

ANTECEDENTES:

Con data do 14/01/2015, rexistro de entrada núm. 15/55, e con data do 02/02/2015, con rexistro de entrada nº 15/168, por Juan xxxxx, con DNI nº xxxxx, e Marta xxxxx, con DNI nº xxxxx, preséntase unha solicitude de licenza de 1ª ocupación, xunto coa seguinte documentación:

- Certificado Final de Obra, asinado polos directores da obra, os arquitectos D. Alfonso Salgado Suárez (COAG nº 1913) e D. Francisco X. Liñares Tüñez (COAG nº 2674), e polo director de execución, o arquitecto técnico D. José Castor Campos Rodríguez (COATIEAC nº 2109), e visado polo COAG con data do 26/01/2015.
- Etiqueta e certificación enerxética do edificio rematado, e acreditación da solicitude de rexistro no INEGA.

Unha vez examinada a documentación presentada, xunto co expediente municipal existente, constátase que a licenza municipal de obras, número 14/776, de data do 21/08/2014 (incluída no expediente nº 14/1049), sobre a que se solicita esta licenza de 1ª ocupación, figura neste concello a nome de Juan xxxxx, con DNI nº xxxxx e de Marta xxxxx, con DNI nº xxxxx.

Con data do 17/02/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, en cumprimento da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, emítase o informe técnico, coa finalidade de comprobar que o edificio ou vivenda cumpre cos requisitos para ser destinada a uso residencial, que se axusta á licenza urbanística outorgada, ós efectos de obter a licenza de primeira ocupación. Realizada visita de comprobación á vivenda, e vista a totalidade da documentación presentada, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación. De acordo coa documentación de final de obra achegada, non se introduciron modificacións, salvo as que resultan inherentes ó proceso construtivo, polo que non se achegan novos



planos. Considérase pois, que **as obras executadas axústanse á licenza municipal de obras concedida.**

Consta no expediente toda a documentación presentada polos promotores, o informe técnico favorable, de data do 17/02/2015, e o xustificante do ingreso da Taxa municipal (con data do 15/01/2015), por importe de 61,62 €, polo que de conformidade co disposto no artigo 195.6, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

**Outorgar**, a Juan xxxxx, con DNI nº xxxxx e Marta xxxxx, con DNI nº xxxxx, a “**Licenza municipal de primeira ocupación**”, dunha ampliación de vivenda unifamiliar illada existente, edificada en base á licenza municipal de obras número 14/776, de data do 21/08/2014, emprazada sobre a parcela catastral nº 15012C505008790000DI, e situada urbanisticamente en Solo non urbanizable de Núcleo Rural, no lugar de Lamas, na parroquia de Sergude, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

Segundo:

**Notificar** este acordo aos interesados

#### B) Denegación de licenza municipal de obras. Exp.: 15/0292

ANTECEDENTES:

Con data do 18/02/2015 (registro de entrada núm. 15/0292), por José xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase un proxecto técnico, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, don Rafael Señarís González para solicitar licenza municipal de obras para Melloras tecnolóxicas en industria de serrado, con emprazamento no lugar de Gastrar, parroquia de Gastrar (Boqueixón - A Coruña).

Con data do 25 de febreiro de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **informe técnico desfavorable**, que se transcribe literalmente:

*“1.- Con data do 18 de febreiro de 2015 e registro de entrada nº 15/0292, foi presentada solicitude de licenza de obras, xunto coa seguinte documentación:*

*- Proxecto titulado “Melloras tecnolóxicas en industria de serrado”, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Rafael Señarís González. As actuacións previstas consisten na derruba dunha edificación existente, e a construción dunha nova edificación cun só andar, destinada a oficina, aseos e almacén, cunha superficie construída total de 66 m<sup>2</sup>, e un orzamento de 28.715,00 euros.*

*2.- Consta nos arquivos do Concello un expediente (5AC/2003, promovido por D. José xxxxx) de licenza de actividade de serradoiro de madeira (tramitada como actividade molesta e perigosa, de acordo co procedemento establecido no RAMINP), mediante o que se concedeu licenza definitiva con data do 1 de febreiro de 2006.*

*No informe técnico realizado con data do 15 de marzo de 2004, logo da solicitude realizada, queda dito o seguinte:*

“1.- Dado que a obra non é legalizable, non é necesario solicitar autorización previa da Dirección Xeral de Urbanismo. Segundo o artigo 210 da Lei 9/2002, transcorrido o prazo de seis anos sen que se adoptasen medidas de restauración da legalidade urbanística, nas obras rematadas sen licenza non se poderán realizar outras obras cas pequenas reparacións esixidas por razóns de seguridade e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio do uso existente, excepto as necesarias para a adecuación á legalidade urbanística vixente. Isto quere dicir que se pode mante-lo uso existente, e polo tanto outorgar licenza de actividade.

2.- Dado que se trata dunha actividade clasificada, será necesaria autorización previa da Consellería de Medio Ambiente.

[...].”

3. Coa solicitude de licenza de actividade, foi presentado un proxecto titulado “Licencia de actividad de aserradero de madera para formación de tabla y tablilla”, asinado polo arquitecto D. Alberto Blanco Rodríguez. No plano nº 2, aparece sinalada a edificación existente, obxecto do novo proxecto presentado, como CASETA EN RUÍNAS e GALPÓN EN RUÍNAS, e na memoria non está incluída no cadro de superficies da actividade. En consecuencia, as actuacións previstas no novo proxecto presentado (derruba dunha edificación existente, e construción dunha edificación nova) superan o considerado pola normativa urbanística como “obras de conservación e mantemento do uso preexistente”, polo que non estarían permitidas, á vista da situación en réxime de fóra de ordenación das edificacións existentes, independentemente da concesión no seu momento da licenza de actividade.

4. En conclusión, á vista de todo o anteriormente exposto, da documentación incluída nos expedientes existentes, e da normativa vixente, procede informar desfavorablemente a solicitude presentada.

Infórmase, ós efectos oportunos.”

Vistos os antecedentes expostos, a Xunta de Goberno acorda:

#### **Primeiro:**

Denegar, a José xxxxx, con DNI xxxxx, a licenza municipal de obras para melloras tecnolóxicas en industria de serrado, no lugar de Gastrar, parroquia de Gastrar (Boqueixón – A Coruña), segundo o proxecto presentado, en canto a competencia municipal.

#### **Segundo:**

Notificar este acordo ao interesado

### **7.Aprobación de facturas**

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 51.335,65 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	COMPOSTELA DIGITAL SL	Mantemento informático febreiro	920	21600	594,00 €
2	ESTUDIO TECNICO GALLEGO SA	Asistencia técnico-urbanística febreiro	151	22706	1.917,85 €
3	SOCIEDAD EST. DE CORREOS Y	Corres mes xaneiro	920	22201	142,22 €

	TELÉGRAFOS				
4	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico L. S Lestedo/garderia xaneiro	920	22200	49,04 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico FAX mes de xaneiro	920	22200	49,07 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico centraliña mes de xaneiro	920	22200	477,30 €
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico alarma mes de xaneiro	920	22200	41,02 €
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico correos mes de xaneiro	920	22200	24,34 €
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico P. civil mes de xaneiro	920	22200	29,75 €
10	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	Consumo móbiles 18/01-17/02	920	22200	436,01 €
11	VODAFONE ESPAÑA S.A.U	SMS 15/01/2015-14/02/15	920	22200	14,54 €
				<b>TOTAL</b>	<b>3.775,14 €</b>

Aprobación de facturas pendente de pago:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ANTONIO PENA SL	Aumentar radiadores escola infantil	231	21300	261,14 €
2	ARTES GRÁFICAS ALONSO	Sobres americanos	920	22000	125,84 €
3	BENJAMÍN COLLANTES VIEIRO	Block enri micro	920	22000	21,48 €
4	BENJAMÍN COLLANTES VIEIRO	Selos automáticos	920	22000	59,97 €
5	COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L.	Recollida cartón mes de xaneiro	1623	21200	388,98 €
6	COMERCIAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES SL	Desmontar e cambiar cilindro elevador 7414BSL	1621	21300	1.163,38 €
7	COMPOSTELANA DE GAS 2011 SL	Recarga gas pavillón/campo fútbol	342	22102	146,25 €
8	ESCOLA DE FÚTBOL DE BOQUEIXÓN	Monitores pilates, patinaxe... mes febreiro	341	22609	1.524,30 €
9	ESCOLA DE FÚTBOL DE BOQUEIXÓN	Bailoterapia mes de xaneiro	341	22609	289,30 €
10	GASOLEOS SAN BENITO SL	Gasoil maquinaria p. civil	135	22103	319,42 €
11	JOSÉ MANUEL IGLESIAS TORRES "39 SEGUNDOS"	Trofeos III carreira da filloa	342	22609	249,83 €
12	MARIA CONCEPCIÓN CELA REGUEIRO	Organización actividades dia de reis	334	22609	1.149,50 €
13	MARIA PILAR VARELA RODRÍGUEZ	Promoción turística en Radio Obradoiro	432	22602	1.210,00 €
14	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	Pulido beirarrúas en Villalapaz	1532	21200	1.702,47 €
15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	Pulido beirarrúas en Camporrapado	1532	21200	2.905,21 €
16	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	Construcción arquetas, reixas... En Camporrapado	1532	21200	2.032,95 €
17	RICOH ESPAÑA SLU	Mantemento fotocopiadoras febreiro	920	21300	805,55 €
18	SALGUEIRAL SL	Delantais e gorros festa da filloa	432	22602	296,00 €
19	SERVICIOS Y MATERIALES S.A	Prestación básica xaneiro	231	22799	1.656,15 €
20	SERVICIOS Y MATERIALES S.A	SAD mes de xaneiro	231	22799	8.244,60 €
21	SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE SA	Tratamento de residuos xaneiro	1623	21200	6.845,92 €
22	TALLERES A SILVEIRA-ENRIQUE FDEZ	Cambio aceite e retrovisor 1600GZL	135	21300	306,06 €
23	TALLERES A SILVEIRA-ENRIQUE FDEZ	Reparación C6319CG	1532	21300	567,14 €
24	TALLERES A SILVEIRA-ENRIQUE FDEZ	Roda e brida de 60	135	21300	87,60 €
25	TALLERES A SILVEIRA-ENRIQUE FDEZ	Piloto traseiro e reparar freo 5530GZZ	135	21300	169,40 €
26	TALLERES A SILVEIRA-ENRIQUE FDEZ	Embrague, piloto traseiro, pechadura,... 5771DFF	135	21300	876,22 €
27	TEODORA KUZEVA	Liquidación de gastos	920	23120	19,85 €
28	ULLA OIL SL	Gasoil depósitos P. Civil	135	22103	3.122,09 €
29	ULLA OIL SL	Gasoil calefacción escola infantil	231	22103	990,75 €
30	VIDRIERAS COMPOSTELA SL	Espello para escola infantil	920	21200	23,16 €

	municipal		
		<b>TOTAL</b>	<b>7.560,51 €</b>

### **8.Apertura sobres de referencias técnicas das ofertas presentadas no servizo do programa de prevención da dependencia**

Na Xunta de Goberno do día 5 de febreiro de 2015, iniciouse a contratación do servizo do programa de prevención da dependencia. Nesa mesma sesión acordouse invitar ó concurso as seguintes empresas:

Matilde Calvo Suárez  
Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL  
Centro de Orientación de Estudos Comerciais,SL

Ó mesmo tempo publicouse a información no perfil do contratista da páxina web do concello.

No prazo establecido para o efecto ( 10 días naturais), preséntanse as seguintes ofertas:

Data e Rexistro	Empresa
26/2/2014 --- 15/346	Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
26/2/2014 --- 15/347	Matilde Calvo Suárez

Por parte do Servizo de Contratación é revisada a documentación dos sobres A, que está correcta.

A continuación o órgano de contratación abre os sobres de Referencias Técnicas que son trasladadas ó Departamento de Servizos Sociais para que se realice a correspondente valoración.

### **9.Aprobación das axudas de custo dos concelleiros, dos meses de abril a decembro do 2014**

Son presentadas por parte dos concelleiros as actas das xuntanzas realizadas polos delegados de área desde o mes de abril ó mes de decembro de 2014.

Tamén é preciso aboar as axudas de custo xeradas polas asistencias ós plenos, xuntas de goberno, comisións de contas e mesas de contratación, durante o mesmo período de tempo.

Polo tanto, despois de cotexar os datos achegados e facer as oportunas comprobacións a Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes axudas de custo correspondentes ó ano 2014 e que a continuación se transcriben:

**AXUDAS DE CUSTO CONCELEIROS ABRIL - DECEMBRO 2014**

<b>PLENOS</b>	<b>28/04/14</b>	<b>14/05/14</b>	<b>09/07/14</b>	<b>25/09/14</b>	<b>26/11/14</b>	<b>TOTAL</b>
D. JESUS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. MANUEL MOURIÑO	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. ANTONIO GONZALEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
Dna. DOLORES GARCIA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. J. SANTASMARINAS	120 €	0 €	120 €	120 €	120 €	480 €
Dna. RAQUEL GARCÍA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
Dna. ADELA REDONDO	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. XABIER CANABAL	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. PERFECTO BARCALA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. JESÚS NEIRA VARELA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €

<b>XUNTAS DE GOBERNO I</b>	<b>03/04/2014</b>	<b>24/04/2014</b>	<b>08/05/2014</b>	<b>19/05/2014</b>	<b>22/05/2014</b>	<b>05/06/2014</b>	<b>19/06/2014</b>	<b>03/07/2014</b>	<b>17/07/2014</b>	<b>07/08/2014</b>
D. JESUS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. MANUEL MOURIÑO	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
D. J. SANTASMARINAS	120 €	120 €	0 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
Dª. RAQUEL GARCÍA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €

<b>XUNTAS DE GOBERNO II</b>	<b>21/08/2014</b>	<b>04/09/2014</b>	<b>18/09/2014</b>	<b>02/10/2014</b>	<b>16/10/2014</b>	<b>06/11/2014</b>	<b>20/11/2014</b>	<b>04/12/2014</b>	<b>18/12/2014</b>	<b>TOTAL</b>
D. JESUS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. MANUEL MOURIÑO	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	2.280 €
D. J. SANTASMARINAS	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	0 €	120 €	120 €	2.040 €
Dª. RAQUEL GARCÍA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	2.280 €

<b>DELEGADOS DE ÁREA I</b>	<b>03/04/2014</b>	<b>10/04/2014</b>	<b>24/04/2014</b>	<b>08/05/2014</b>	<b>15/05/2014</b>	<b>22/05/2014</b>	<b>29/05/2014</b>	<b>05/06/2014</b>	<b>12/06/2014</b>
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
D. JESÚS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €

<b>DELEGADOS DE ÁREA II</b>	<b>19/06/2014</b>	<b>26/06/2014</b>	<b>03/07/2014</b>	<b>10/07/2014</b>	<b>17/07/2014</b>	<b>24/07/2014</b>	<b>31/07/2014</b>	<b>07/08/2014</b>	<b>14/08/2014</b>
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
D. JESÚS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €

DELEGADOS DE ÁREA III	21/08/2014	28/08/2014	04/09/2014	11/09/2014	18/09/2014	02/10/2014	09/10/2014	16/10/2014	23/10/2015
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
D. JESÚS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €

DELEGADOS DE ÁREA IV	30/10/2014	06/11/2014	13/11/2014	20/11/2014	27/11/2014	04/12/2014	11/12/2014	18/12/2014	TOTAL
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	2.100 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	2.100 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	2.100 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	2.100 €
D. JESÚS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	2.100 €

COMISIÓNS DE CONTAS	28/04/14	28/05/14	04/07/2014	18/11/2014	TOTAL
D. JESUS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
Dna. RAQUEL GARCÍA	0 €	120 €	120 €	120 €	360 €
D. J. SANTASMARINAS	0 €	120 €	120 €	120 €	360 €
Dna. DOLORES GARCIA	0 €	120 €	120 €	120 €	360 €
D. XABIER CANABAL	0 €	120 €	120 €	120 €	360 €
D. PERFECTO BARCALA	0 €	120 €	120 €	120 €	360 €

	TOTAL BRUTO	IRPF 15 %	TOTAL LÍQUIDO
D. JESUS SANJUÁS	0 €	- €	0 €
D. MANUEL MOURIÑO	2.880 €	432 €	2.448 €
D. ANTONIO GONZALEZ	2.700 €	405 €	2.295 €
Dna. DOLORES GARCIA	3.060 €	459 €	2.601 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	2.700 €	405 €	2.295 €
D. J. SANTASMARINAS	2.880 €	432 €	2.448 €
Dna. RAQUEL GARCÍA	3.240 €	486 €	2.754 €
Dna. ADELA REDONDO	2.700 €	405 €	2.295 €
D. JESUS NEIRA VARELA	2.700 €	405 €	2.295 €
D. XABIER CANABAL	960 €	144 €	816 €
D. PERFECTO BARCALA	960 €	144 €	816 €
<b>TOTAIS</b>	<b>24.780,00 €</b>	<b>3.717,00 €</b>	<b>21.063,00 €</b>

2. Dar orde a Tesourería para que se faga o pagamento das anteriores cantidades con cargo á partida 912.230.00 do presuposto do ano 2014.

## 10.Solicitud subvención contratación socorrista 2015

No BOP do pasado día 16 de febreiro de 2015 sae publicada a convocatoria do programa de socorrismo na que a finalidade é apoiar aos concellos da provincia no sostemento dos gastos da contratación de socorristas nas piscinas municipais e praias fluviais dos concellos de interior durante o ano 2015 por un prazo máximo de tres meses.

Así o Concello de Boqueixón dispoñendo dunha instalación deste tipo na que se desenvolven diferentes actividades de lecer ( verán activo,cursiños de natación) así como a apertura ó público na tempada de verán tódolos días da semana; faíse necesaria a contratación dun socorrista .

Á vista das bases de ditas convocatorias informase á Xunta de Goberno do xoves 5 de marzo de 2015 para o seu acordo :

1.Solicitar a participación na convocatoria de socorrismo dirixida a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2015.Para a contratación ,neste caso,dun socorrista por un importe TOTAL de 3.750 €. sendo entre un 20% e 80% osubvencionado pola diputación.

2. Dispoñer dos fondos necesarios para execución do proxecto.

3. Declarar estar o corrente das obrigas tributarias e a seguridade social,e as obrigas coa Deputación Provincial da Coruña.

4.Autorizar a diputación a obter as certificacións da axencia Estatal da Administración Tributaria e da tesourería da Seguridade social nas que se acredite que o concello está o corrente das obrigas tributarias.

5.Acreditar ter elaboradas, rendidas e aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido correspondente ao 2012.

6.Aprobar a memoria explicativa das actividades e plan de salvamento acuático municipal no que se incluíría o servizo a prestar pola persoa contratada.

7.designar o seguinte correo electrónico: [deporte@boqueixon.com](mailto:deporte@boqueixon.com) para os requerimentos,comunicacións de trámite e completar a documentación.

8.Comprometerse a facer constar,en todo tipo de información que se realice no desenvolvemento da actividade subvencionada ,a colaboración da diputación Provincial da coruña.

9.Nomear a Don Jesús Sanjuás Mera como representante para as relacións con esta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña.

10.Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.

### **11.Altas no inventario de bens do concello de Boqueixón**

Coa finalidade de xustificar a titularidade e a dispoñibilidade de terreos para a tramitación da solicitude de concesión dun obradoiro de emprego denominado “Boqueixón – Vedra”, é preciso inventariar un dos camiños sobre o que se van a realizar actuacións. Este camiño, denominado “Camiño de Outeiro en Codeso” pertence á rede de camiños públicos da zona de concentración parcelaria de Sta. Eulalia de Codeso e foi transmitido ó concello con data 24/02/1971 segundo acta de entrega recibida o 15/03/1971.

Dito camiño é de utilidade pública e de titularidade municipal.

Aparte desta actuación tamén se van a realizar accións no “Camiño interior de Xiadás en Gastrar”, camiño inventariado co núm. 103 o inventario vixente.

Polo tanto o que é preciso acreditar xa non é tan só a titularidade senón a súa dispoñibilidade, polo que a Xunta e Goberno acorda:

Incluír no inventario vixente o camiño denominado “Camiño en Outeiro en Codeso”

Acreditar ante a Consellería de Traballo que os camiños denominados “Camiño en Outeiro en Codeso e “Camiño interior de Xiadás en Gastrar” son de titularidade municipal e están dispoñibles para realizar as actuacións correspondentes.

## **12. Rexeitamento alegación presentada por dona Eva xxxxx**

### ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno, do 6 de xuño do 2007, concede licenza de obras a dona Eva xxxxx, para a construción dunha vivenda unifamiliar.

2. O 26 de maio de 2009, dona Rosario xxxxx presenta denuncia.

3. O 19 de outubro de 2010, ponse en coñecemento de dona Eva xxxxx, a denuncia presentada.

4. Con data 2 de decembro do 2010, María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, informa que se está realizando un muro de formigón armado, para a contención de terras, cunha altura aproximada de 3 metros, e que as NN SS sinalan para peche de parcela, unha altura máxima de 2,20 metros.

5. A Xunta de Goberno, do 2 de febreiro de 2011, acorda:

- Iniciar expediente de reposición de legalidade, por exceder da altura o muro; por ocupar a parcela cedida ao concello con terra (o cal varia a altura do muro a ras do solo) e por non ter licenza municipal o peche.
- Dar prazo de 10 días. Durante este prazo non presenta alegacións dona Eva xxxxx.

6. O 4 de marzo de 2011, dona Eva xxxxx presenta dous escritos, con rexistros de entrada nº.: 11/609 e nº.: 11/610, nos cales sinala:

Con relación ao escrito nº.: 11/609:

- Que presenta proxecto de execución, como documentación anexa ao proxecto de execución dunha casa en Lestedo, lugar de xxxxx, para anexo de peches a fincas colindantes, e para obtención de licenza.

Con relación ao escrito nº.: 11/610:

- Que se retirou a terra da parcela cedida ao concello.
- Que con relación á altura máxima permitida no muro de cimentación, que serve de peche da parcela, e que ten unha altura cercana aos 3 metros, cando en realidade non debería superar os 2,20 metros, que se procederá a cortalo en breve, para o que solicita ao Concello, que se aclare, si o punto de referencia para o corte, que presenta neste documento é válido, ou si polo contrario se debería usar outro.

7. Con data do 8 de abril de 2011, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos municipais, emítese 2 informes técnicos, con relación aos escritos presentados por dona Eva xxxxx, números 11/609 e 11/6010. Con relación ao escrito 11/609, infórmase sobre a solicitude de licenza, de anexo para peche de parcela coas fincas colindantes; e con relación ao escrito 11/610, infórmase do establecemento de cota de rasante exterior para o muro executado, no cal se indica que se considera válida a proposta presentada pola



promotora, e que o muro debe ter unha altura máxima de 2,20 metros, medidos a partir da rasante exterior, e así se lle comunica a dona Eva xxxxx.

**8.** Con data 9 de xuño de 2011, dona Eva xxxxx, presenta a documentación solicitada, para continuar coa tramitación do expediente de anexo de peche de parcela a fincas colindantes.

**9.** Xunta de Goberno do 7 de setembro de 2011, concédeselle licenza para o peche de parcela a fincas colindantes.

**10.** Con data do 13 de xaneiro de 2012, emítase un novo informe técnico, que sinala que non se rebaixou a altura do muro ata deixalo en 2,20 metros.

**11.** Na Xunta de Goberno do 18 de xaneiro de 2012, acordouse proceder coa demolición do exceso de altura do muro de formigón, e que deberá quedar cunha altura máxima de 2,20 m. medidos desde a rasante exterior do muro executado.

**12.** O 9 de febreiro de 2012, dona Eva xxxxx presenta recurso de reposición, no cal se indica:

- a- Que a notificación adoece dun vicio de nulidade
- b- Que o expediente está caducado
- c- Que se acordou executar o acordo sen que exista orde de demolición
- d- Falsidade documental da Secretaria
- e- Que o muro de contención construído non debe demolerse parcialmente, ao non incorrer en ilegalidade algunha por axustarse estritamente á normativa

**13.** O Decreto da alcaldía, do 5 de marzo de 2012, resolve:

- Aceptar recurso en canto ás alegacións primeira, segunda e terceira.
- Rexeitar recurso en canto ás alegacións cuarta e quinta.
- Declarar caducado o expediente de reposición da legalidade, iniciado conta Eva xxxxx, e Rubén xxxxx, por exceder da altura máxima o muro realizado no lugar de Ardarís, e proceder ao arquivo do mesmo.

**14.** Xunta de Goberno de 18 de abril do 2012, acordou: “Iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística polo muro executado por dona Eva xxxxx por exceder da altura máxima permitida (2,20 metros) e dar un prazo de 10 días.

**15.** O 10 de maio de 2012 dona Eva xxxxx presenta alegacións:

- a- Que se trata dun muro de contención
- b- Que aínda considerando peche de parcela axustase á legalidade
- c- Que se debe ter en conta a rasante natural do terreo aínda que a propietaria colindante realizou movemento de terra que alteraron a rasante natural.
- d- Que a notificación está viciada de nulidade
- e- Que se utilizaron informes dun expediente caducado.

**16.** Con data 16 de maio de 2012, recíbese escrito do Xulgado Contencioso Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, polo procedemento ordinario 240/2012, sobre recurso presentado por dona Eva xxxxx, contra o punto número 2; do decreto de data 5 de marzo do 2012, solicitando a remisión do expediente.

**17.** Á vista do citado recurso contencioso administrativo, a Xunta de Goberno do 5 de setembro do 2012 acorda:

Suspender a tramitación do expediente de reposición de legalidade urbanística, iniciado pola Xunta de Goberno do 18 de abril de 2012, ata que se dite a correspondente sentenza xudicial.

**18.** Con data 15 de xaneiro do 2015, recíbese a sentenza na cal se desestima totalmente o recurso contencioso presentado por dona Eva xxxxx. Consecuentemente procede levantar a suspensión, e continuar co expediente iniciado na Xunta de Goberno do 18 de abril de 2012.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS, CON RELACIÓN ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CON DATA DO 10/05/2012 - (REXISTRO 12/1304)

**PRIMEIRA.** A señora xxxxx alega erro no concello porque da tratamento de muro de peche, cando en realidade trátase dun muro de contención (informe técnico do 2/12/2010, di que se trata dun muro de formigón para contención de terras).

Di, así mesmo, que as Normas Municipais esixen 2,20 metros, para peches de parcelas pero non para muros de contención.

*O muro, é de contención de terras, porque si efectivamente contén terras, pero tamén funciona como peche frontal de parcela coa vía pública a que dá fronte. En base a este apartado, dona Eva xxxxx, no escrito de data do 4 de marzo de 2011, con rexistro de entrada nº 11/610, xa reconece que o muro de cimentación (que serve de peche de parcela), ten unha altura cercana aos 3 metros, cando en realidade non debería superar os 2,20 metros, polo que procederá a cortalo en breve.*

**SEGUNDA.** Aínda no caso de consideralo un peche de parcela, a efectos meramente dialécticos, di a alegante que non supera os 2,20 metros, e que a técnica se limita a reproducir informes anteriores sen comprobar se na actualidade o muro se axusta á legalidade urbanística.

*È certo que o informe técnico do 11 de abril de 2012, reitera o dito nos informes anteriores porque o muro segue mantendo a mesma altura. Pero si, é un novo informe. O que non varía é o muro construído, que continúa nas mesmas condicións anteriormente informadas.*

**TERCEIRA.** En canto á terceira alegación, di a alegante que no informe técnico do 2 de marzo do 2012 a cota de rasante é a vía de acceso á parcela, non o terreo natural. Sen embargo (segue dicindo) o artigo 42.1.c no seu parágrafo cuarto, da Lei 9/2002 de ordenación urbanística, sinala que a altura máxima da edificación medirase no CENTRO DE TÓDALAS FACHADAS, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta, agás....

Alega, así mesmo, que a propietaria da parcela colindante realizou movementos de terra que alteraron a rasante natural do terreo, e posteriormente procedeu a reencher a parcela (sen que o concello adoptara medida algunha).

Que a construción da súa edificación efectuouse nese momento no que na parcela colindante se alterara a rasante natural polo movemento de terras efectuado pola citada propietaria da parcela colindante.

*En canto á alteración do perfil orixinal, certamente non se lle deu autorización á propietaria da finca colindante, senón que esta fíxoo, para levantar un muro que o concello lle ordenou demoler (xa demolido na actualidade), por non contar coa preceptiva licenza municipal.*

*Neste apartado débese ter en conta que a señora xxxxx, tamén alterou a rasante do seu terreo, e logo rachéao de novo, polo que prodúcese unha alteración do perfil orixinal do dito terreo, e que non ven autorizado nin polas normas de Boqueixón, **nin pola licenza municipal outorgada.***

**CUARTA.** En canto á alegación número 4, dicir unicamente que a Xunta de Goberno do 18 de abril de 2012, só inicia o expediente de reposición de legalidade, e se pon en coñecemento de dona Eva xxxxx, para que poida examinar o expediente e formular alegacións no prazo de 10 días. Como de feito, así o fixo, ao presentar a alegación que neste caso se trata.

**QUINTA.** En canto á alegación número 5, débese ter en conta que a nova incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística, non se adoptou exclusivamente en base ós catro informes técnicos que obraban no expediente caducado, senón en base ó informe de data 11 de abril de 2012, sendo a Xunta de Goberno o 18 de abril de 2012.

Por outro lado, neste intre consta no expediente o informe técnico, de data 27 de febreiro de 2015, en base o cal a arquitecta municipal literalmente di:

*A que asina, D<sup>a</sup>. María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego, S. A., encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); cumprindo coa providencia da Alcaldía, en relación co escrito de alegacións á incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística, presentado por D<sup>a</sup>. Eva xxxxx, emite o seguinte:*

#### **INFORME TÉCNICO**

*De acordo co artigo 171 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUPMRG), para poder edificar nunha parcela de solo de núcleo rural, deberase realizar a cesión dos terreos destinados polo planeamento, fóra das aliñacións, para a execución de viario por parte do Concello. Dita cesión a viais deberá realizarse libre de cargas, polo que, a rasante do terreo cedido deberá ser uniforme con respecto ó viario existente.*

*Por detrás dos terreos de cesión obrigada, de acordo coas Normas Subsidiarias, tomarase a rasante natural do terreo como cota de referencia. De acordo co informe pericial achegado, o muro executouse recuado con respecto á aliñación oficial, polo que non estaría suxeito á rasante oficial do viario.*

*Non obstante, na execución do muro, tal como pode comprobarse nas imaxes seguintes, e que foron incluídas na denuncia presentada por D<sup>a</sup>. Rosario xxxxx con data do 26 de maio de 2009 (registro de entrada nº09/1833) e que deu orixe ó expediente de reposición da legalidade urbanística, as modificacións do perfil orixinario do terreo foron realizadas tanto na parcela da denunciante, como na parcela da denunciada, desvirtuando en ambos casos a rasante natural do terreo.*







*Tal e como se pode observar, a zapata do muro executouse coa mesma altura en toda a súa largura, coincidente co acceso rodado á parcela, é dicir, coa rasante do viario. Estes movementos de terra realizados impiden comprobar, de xeito fidedigno e inequívoco, cal é a rasante natural do terreo. Tendo en conta esta indefinición provocada pola propia execución do muro, e a súa mínima distancia con respecto á aliñación oficial, procede considerar a rasante do viario como cota de rasante para o muro, que foi o criterio que se mantivo en todo o procedemento.*

*Neste sentido, a técnica que asina ratifícase nos informes técnicos realizados desde o inicio do procedemento. Así mesmo, os Servizos Técnicos Municipais realizaron as visitas de comprobación que lles foron encomendadas, nos distintos pasos do procedemento, como se da conta nos informes técnicos realizados desde a presentación da denuncia inicial.*

*En consecuencia, á vista de todo o anterior, e de toda a documentación incluída no expediente, procede informar desfavorablemente as alegacións presentadas. En todo caso, estarase ó que determine a Corporación Municipal sobre o expediente. Infórmase, ós efectos oportunos.*

A vista de todo o cal a Xunta de Goberno, acorda:

- 1.-** Levantar a suspensión acordada pola xunta de goberno, que tivo lugar o día 5 de setembro de 2012.
- 2.-** Rexeitar a alegación presentada por dona Eva xxxxx, con data 10 de maio de 2012, rexistro de entrada no concello número 12/1304.

**3.-** Ordenar a demolición do exceso de altura do muro de formigón, realizado no lugar de xxxxx en Lestedo, por dona Eva xxxxx, por non respectar a altura máxima permitida, que é de 2,20 metros, medidos desde a rasante exterior do muro.

**4.-** Requirir a dona Eva xxxxx, para que no prazo máximo de TRES MESES, desde o recibo desta notificación, proceda a realizar as actuacións anteriormente indicadas.

**5.-** Comunicar á interesada, que unha vez transcorrido o prazo concedido, sen atender ao requirimento efectuado polo concello, procederáse coa execución subsidiaria da demolición ordenada, ao seu cargo.

### **13.Rogos e preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
O alcalde